No que se refire ao momento axeitado para realizar o dragado e posterior vertedura ao mar do material dragado e considerando todo o anterior estima que os meses con menos afeccións para as aves das colonias e as aves migratorias serían entre xullo e setembro. As operacións que xeren ruído submarino superior ao de dragado convencional do material sedimentario deberán restrinxirse a esta ventá temporal. Referente á vertedura ao mar do material dragado, sexa sedimentario ou rochoso, debe realizarse antes do mes de outubro.

A operación de vertedura indican que deberá cumprir coas DCMD, incluíndo un programa de vixilancia ambiental que cumpra os requisitos do artigo 46 desas Directrices.

A autorización de vertedura de materiais de dragado ao mar fóra da zona de servizo do porto deberá outorgala a Autoridade Marítima, incluíndo no seu condicionado a localización exacta da zona de vertedura (mediante as súas coordenadas xeográficas) e a súa profundidade, así como o volume máximo a verter que se autoriza.

Logo de finalizadas as operacións de vertedura do material dragado, indican que o promotor lle remitirá a información sobre os aspectos que recollen as DCMD no seu artigo 43, para a súa remisión aos Convenios de Protección do Medio Mariño (Londres y OSPAR), para o que seguirán o formulario normalizado que se distribúe anualmente aos promotores de obras de dragado en colaboración coa Autoridade Marítima.

Logo de toda esta documentación Costas informa que a actuación é compatible cos obxectivos da Estatrexia Mariña da Demarcación noratlántica, sempre que se cumpran as condicións expostas no seu informe do 11.01.2018 coas consideracións engadidas no seu último informe.

E finalmente que, se como consecuencia dun procedemento de avaliación ambiental o proxecto vírase modificado substancialmente, o seu informe perdería validez e deberían solicitar un novo informe de compatibilidade da actuación coa correspondente estratexia mariña.

Logo dos informes da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, Portos de Galicia, no seu informe de alegacións indica o seguinte.

Respecto da alga *Himanthalia elongata* indica que no porto de Laxe se atopa na zona intermareal da marxe NW, pero que non chega a constituír poboamentos densos e amplos e para ilo achegan un plano: "Plano distribución de poboacións algales. Base de alegacións", de xaneiro de 2018.

No que se refire á alga *Saccorhiza polyscchides,* indica que no porto de Laxe ten unha ampla distribución exceptuando a zona Norte, segundo como reflicten tamén no plano indicado no parágrafo anterior.

Respecto destas dúas algas indican que pola zona prevista do dragado, no interior do recinto portuario, non é posible preservar estas poboacións algales, pero que non obstante, pola continuidade do substrato rochoso despois da obra, permitirá novamente a colonización das dúas algas.

No que se refire ás afeccións ás poboacións de cormorán moñudo, Portos de Galicia indica que elaborou un estudo para coñecer a presenza e posible afección ás poboacións de *Phalacrocorax aristotelis,* no que se pon de manifesto a presenza de varias parellas no entorno, pero as zonas onde se localizan non se verán afectadas pola incidencia acústica das obras. Non obstante, redactase un plan de medidas de prevención, control e seguimento para a protección das poboacións desta especie na Enseada de Laxe, especificamente relacionadas co seu ciclo reprodutivo e as actuacións que se reflicten abarcarán o período entre os meses de e xaneiro a xuño, ámbolos dous incluídos.

En relación ao estimado por esa dirección general que os meses con menos afeccións para as aves das colonias e as aves migratorias son entre xullo e setembro, indican que en relación á incidencia acústica de transmisión aérea, xa aportaron un estudo en relativo ás colonias e o uso do entorno da obra por parte do cormorán moñudo e no que se conclúe que a incidencia acústica aérea das obras en todas as áreas do entorno delas onde a especie está presente se axustaría á normativa aplicable e aos seus requirimentos para un normal desenvolvemento do seu ciclo biolóxico, xa que en ningún caso o nivel acústico esperado acada os niveis de ruído de fondo e ademais a actuación é temporal e os

efectos rematarán unha vez rematen as operacións. Ademais non se trata dun ruído continuo. Por todo iso consideran que non é necesario establecer medias correctoras de carácter específico pero non obstante, establecen un protocolo de seguimento. Indican que estas conclusións son tamén aplicables as especies de arao común e gaivota tridáctila, xa que teñen características similares ao cormorán moñudo, no que se refire ao uso do espazo litoral. Non obstante, sinalan que segundo o último censo oficial dispoñible, as colonias de cría de ambas especies máis próximas sitúanse nas Illas Sisargas (20 km ao NE de Laxe) e Cabo Vilano (19 km ao SW).

No referente á incidencia da turbidez na ZEPA, indican que se trata dun material con escasa porcentaxe de finos, dos que tan só un 3% se manteñen na columna de auga ao cabo das 2 horas de vertedura.

No que se refire ao ruído subacuático asociado ao dragado empregando voaduras, din que do indicado polo informe do 17.07.2018 (restrinxir o dragado e a vertedura do material aos meses de xullo a setembro), formúlase como medida preventiva ante a posible incidencia sobre as colonias de cría e aves migratorias pola transmisión do ruído subacuático asociado a eses procesos, pero que a bibliografía existente ao respecto indica que os impactos do ruído sobre a fauna mariña poden afectar a especies en moitas distintas posicións dentro das redes tróficas do ecosistema (mamíferos, peces, invertebrados, tartarugas mariñas) pero non así ás aves mariñas, que non se inclúen entre as potencialmente afectadas por esa fonte de contaminación, de maneira que soamente as aves mariñas mergulladoras poderían verse afectadas e soamente cando se atopen en fase de mergullo, aínda que practicamente non se coñecen as capacidades de audición baixo a auga destas aves, nin da súa sensibilidade ao son subacuático antropoxénico intenso e que se asocian a outro tipo de actividades, como a de exploración e explotación de hidrocarburos.

Indican tamén algún documento técnico e os manuais de perforación e voadura de rochas para demostrar que o ruído que se acadará neste proxecto a unha distancia inferior aos 30 m da explosión quedaría por debaixo aos sinalados como valor xerador de mínimos danos a vertebrados terrestres mergullados, que sería o grupo máis parecido ás aves mergulladoras, se ben ese parecido é sumamente escaso, e tamén inferior ao establecido para os peixes.

No que se refire ás medidas propostas para eliminar a especie de alga do CEEEI, a *Sargassum muticum*, indican que realizarán dous cortes, con mostraxes previos para estimar o mellor momento de levar a cabo a actuación de corte e indican que xa que o primeiro corte sería en antes de febreiro, polo que en maio estaría todo retirado poderían proceder co dragado e, mentres que o segundo corte realizaríano a finais da primavera, polo que previsiblemente no mes de abril ou maio, previo á segunda fase do dragado, e en definitiva estas datas coincidirían coas que indica o promotor para realizar o dragado e a seguridade dos barcos ao abrigo durante os temporais de inverno.

En relación a que a vertedura ao mar do material dragado teña que facerse antes do mes de outubro como indica esa dirección general, indican que se debería obviar xa que as restricións que presenta esta obra son a propia necesidade de traballar co bo tempo, polo que poderían necesitar alargar o período de traballo ata ese mes, si as condicións o permiten. Ademais din que carece de sentido porque no primeiro informe desa dirección general, establecían precisamente o período entre setembro e novembro como o idóneo para executar as obras polas posibles afeccións aos valores da ZEPA.

Ademais, indican que demostraron que non se espera unha incidencia acústica asociada á transmisión aérea derivada do dragado non convencional sobre ningunha das áreas do entorno das obras onde as aves poderían estar presentes, xa que os niveis esperados nas obras axustaríanse á normativa e aos requirimentos desas especies.

E sobre a incidencia do ruído subacuático asociado ás voaduras, indican que soamente poderían afectalas cando estivesen en pleno proceso de mergullo e que non hai coñecemento sobre a súa capacidade de audición baixo a auga nin da súa sensibilidade ao son subacuático antropoxénico intenso e que entre as actividades que poderían considerarse potencialmente incidentes non se inclúen os dragados non convencionais como o previsto. En todo caso, indican que aínda tomando como referencia os niveis de presión máxima e exposición subacuática asociados ás voaduras capaces de xerar danos sobre vertebrados terrestres mergullados, que é o grupo máis parecido ás aves mergulladoras, soamente superaría o valor de presión máxima nun radio de 30 m do punto de voadura e que en ningún caso se acadaría o nivel de exposición sonora sinalado como referencia.

En consecuencia, só cabería esperar danos sobre exemplares que estivesen mergullando no momento da voadura nese radio de 30 m, o que supón o mergullo dentro da propia dársena ao mesmo tempo que se produza a voadura, o que supón unha alta improbabilidade de que ocurrise.

No que se refire ás zonas de cría, alimentación e repouso desas especies, indica que o ruído subacuático non ten entidade para afectar a esas zonas. Indican tamén que se non se ten constancia de que os tráficos actuais (pesqueiros e mercantes) xeren incidencias sobre os procesos migratorios e de cría e reprodución das especies, tampouco se espera que ao engadir temporalmente unha embarcación (draga) vaia xerar un efecto mensurable

Ademais indican que os tráficos mercante e pesqueiros actuais xeren incidencias sobre os procesos migratorios polo que non é de esperar que isto cambie coa adición temporal dunha embarcación (draga).

E indican que tamén se pode cualificar como mínimo e irrelevante o risco asociado á xeración de impactos por unha posible pluma de turbidez, tendo en conta a situación do punto de vertedura respecto do litoral e a área afectada por esa pluma en relación a área dispoñible para o tránsito de especies migratorias e alimentación delas, non inferior aos 250 km.

Indican que o EsIA xa conta cun plan de vixilancia ambiental adaptado ao artigo 46 das DCMD, pero que se verá ampliado coas medidas de incidencia acústica sobre as aves arriba citadas e coas medias de manexo seguro da alga exótica invasora.

No que se refire á autorización de vertedura de materiais dragados ao mar a outorgar pola Autoridade Marítima e a documentación que teñen que aportar en relación aos Convenios de Protección do Medio mariño, indican que o farán como se indica no informe desa dirección general.

E como conclusión final e en base ao exposto no seu informe de alegacións, solicitan que período para executar o o dragado con voaduras e vertedura do material en alta mar podería abarcar dende a finalización dos temporais de inverno e despois de executado segundo corte da alga *Sargassum muticum* (previsiblemente o mes de abril ou maio) ata o mes de outubro.

A Sociedade Galega de Ornitoloxía informa que Portos de Galicia lle consultou sobre o potencial impacto do proxecto sobre as poboacións de aves da ZEPA "Espacio Marino de la Costa da Morte" e, expresamente, sobre o corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*).

Esa entidade, logo de revisar a documentación aportada (proxecto, EsIA, Estudo de afeccións sobre poboacións de cormorán moñudo polas obras do dragado do porto de Laxe) sinala que aínda que é certo o indicado polo EsIA relativo a que os acantilados da ZEPA "Costa da Morte Norte" albergan a práctica totalidade das poboacións españolas de gaivota tridáctila (*Rissa tridactyla*) e arao dos cons (*Uria aalge),* ambas especies poden darse por desaparecidas ou practicamente desaparecidas como reprodutoras en Galicia, xa que nos últimos anos non se detectou a súa presenza e nidificación nas súas últimas localidades de cría no cabo Vilán e nas Illas Sisargas.

Ademais, se se considera que ambas especies se presentan en augas próximas ás zonas de cría durante a tempada reprodutiva, que fóra da tempada reprodutiva amosan comportamentos peláxicos, afastándose da costa, e a nula ou escasa poboación reprodutora, a distancia do proxecto ás localidades de cría, o carácter costeiro e a escasa entidade superficial das actuacións previstas, non consideran que exista un impacto directo ou indirecto sobre esas especies.

No que se refire ás posibles afeccións sobre a poboación reprodutora de corvo mariño cristado indica que no estudo se avalían o potencial impacto acústico durante as obras sobre as localidades de cría e sobre a especie e se determina que non existe incidencia sobre ela, axustándose a incidencia acústica das obras á normativa aplicable e aos requirimentos da especie.

A SGO considera axeitados os traballos realizados, tanto para caracterizar a poboación reprodutora, como para avaliar o potencial impacto acústico da obra, pero pese a todo o enfoque realizado para avaliar o impacto sobre esta especie non é o máis axeitado xa que, o impacto acústico, ao non tratarse dunha actuación inmediatamente próxima ao lugar de nidificación, será temporal e restrinxido á fase de execución das obras e, en todo caso, compatible coa aplicación das medidas preventivas ou correctoras, no caso de que así se determinase. Consideran que o principal impacto polas obras de dragados e recheo sobre esta especie mariña e mergulladora, derivaríase pola existencia de afeccións, tanto

derivadas da turbidez da columna de auga, que en todo caso é de efecto temporal, e sobre todo pola alteración substancial dos fondos mariños en áreas prioritarias para a alimentación da especie, que pudesen afectar as comunidades e polo tanto ao recurso trófico básico para esta especie (peixes de fondos areosos ou rochosos) de xeito variable entre distintas colonias de cría. Polo tanto, consideran que en proxecto desta tipoloxía a executar en áreas con presenza de corvo mariño cristado, deberíase realizar un estudo do seu uso do espazo para a alimentación nas áreas de dragado e vertedura.

En relación a este dragado, consideran que o uso do espazo por parte do corvo mariño cristado no interior do porto de Laxe será moi escaso, polo que non existirá impacto previsible sobre as zonas de alimentación da especie.

No que se refire á zona de vertedura, tendo en conta a distancia á costa e o rango batimétrico existente nesa zona, non consideran significativo o risco de impacto, xa que a zona non cumpre as condicións para constituír un hábitat de alimentación para a especie.

Finalmente, en base ás anteriores consideracións, conclúen o seguinte:

- Os traballos realizados son axeitados para avaliar a poboación reprodutora e o potencial impacto acústico sobre o corvo mariño cristado.

- Non é previsible a existencia de impacto acústico significativo sobre as áreas de reprodución e presenza da especie, considerándose en todo caso axeitada a realización dun seguimento durante a fase de obras, coa adopción das pertinentes medidas correctoras en caso de considerarse preciso.

- En base ás características do proxecto, a localización das áreas de dragado e vertedura e os requirimentos da especie, o proxecto non afectará previsiblemente a áreas de alimentación prioritaria nin habitual da especie, polo que non se prevé a existencia de impactos significativos sobre a especie.

- Recomenda que se realicen estudos de uso do espazo e zonas de alimentación da especie en proxectos similares a este en áreas con presenza da especie.

Como se indicou anteriormente, durante a análise técnica do expediente realizada polo órgano ambiental, puxéronse de manifesto diversas cuestións que requirían información adicional relativa ao EsIA e ao outros aspectos do expediente ambiental, polo que Portos de Galicia remitiu ao órgano ambiental unha documentación complementaria: "Revisión do Anexo IX. Afeccións á Rede Natura 2000", do EsIA e "Caracterización do material dragado, de abril de 2015"), xunto cunha serie de cuestións, entre as que destacan as seguintes.

O promotor indica que no EsIA Indicaron erroneamente que a zona de dragado e vertedura atópase dentro da ZEPA ES0000176 "Costa da Morte Norte", cando debería dicir ZEPA mariña ES0000497 "Espazo Mariño da Costa da Morte", a pesar de que graficamente está ben representado. Por iso, levaron a cabo unha revisión do Anexo IX do EsIA "Afección a Rede Natura 2000", para modificar a identificación do espazo protexido, así como revisar os hábitats e especies afectados pola execución do proxecto, avaliar a afección aos seus valores ambientais e revisar, se é o caso, a proposta de medidas e o plan de vixilancia ambiental proposto.

Portos de Galicia indica que a conclusión desa revisión é que non hai diferencias respecto das consideracións realizadas no documento orixinal, xa que a natureza e obxectivo dos dous espazos, a protección das aves, así como a súa continuidade e solapamento no espazo, os valores realmente afectados poden considerarse os mesmos. E ao respecto do informe da Dirección General de la Sostenibilidad de la Costa y del Mar, indican que pese a non identificar o erro de xeito explícito no seu informe, refire todas as análises e conclusións del a este espazo protexido, que queda claramente de manifesto coas diferentes mencións explícitas que fai sobre el ao longo do seu informe, de xullo de 2018.

En relación á preservación das especies de algas en regresión na demarcacións noratlántica, *Himathalia elongata* e *Saccorhiza polyschides,* Portos de Galicia indica que non resulta posible preservalas no ámbito do dragado, pero a continuidade do substrato rochoso despois de finalizar a obra permitirá novamente a súa colonización por esas especies.

Engaden tamén que tal e como se reflicte no "Plano distribución de poboacións algales. Base de alegacións", que se inclúe no seu informe de alegacións, parte da zona de presenza da alga *Saccorhiza polyschides*, tampouco será afectada polo dragado, de xeito que a súa colonización na zona a dragar será más fácil.

Indican que cometeron un erro na documentación aportada como Anexo V de caracterización do material dragado dentro do documento do EsIA, pero que os datos e referencias á caracterización do material que se inclúen no corpo principal do EsIA, apartados 6.9.2.1 e 6.9.4.1. son correctas e se axustan á realidade. Eses datos proceden do estudo realizado en maio de 2015, en lugar do que se xuntou de data 26 de xuño de 2014.

Esa documentación foi enviada á Dirección General de la Sostenibilidad de la Costa y del Mar, de quen se recibiu contestación na que ratifica o indicado nos seus informes anteriores

Logo de analizar toda a documentación que constitúe o expediente ambiental, entre a que se atopan os informes emitidos polos organismos consultados e a documentación complementaria e resposta do promotor ás cuestións formuladas, a continuación resúmense as conclusións da análise técnica realizada.

No que se refire á análise para seleccionar as alternativas, no EsIA realízase en base a dous factores que son o ambiental e a operatividade portuaria e, como consecuencia desta, o promotor selecciona a alternativa de executar o dragado, xa que aínda que dende o punto de vista ambiental a alternativa 0 sexa a máis favorable, o factor funcional e socioeconómico tivo máis peso pola importancia que ten a conservación e mellora destas instalacións portuarias para un sector tan importante nesta zona, como é o pesqueiro.

É importante destacar que coa execución do dragado no porto, aumenta a súa operatividade e diminúe o risco de accidentes e, en consecuencia, tamén redúcese a probabilidade de vertedura de combustibles e aceites e/ou os cargamentos que transportan os barcos.

En relación aos efectos sobre a atmosfera asociados a este proxecto, fundamentalmente derivaranse dos ruídos pero tamén das emisións gaseosas asociadas á maquinaria empregada no dragado e no transporte e vertedura do material no mar.

No que se refire aos gases e partículas contaminantes, procedentes dos motores da maquinaria empregada no proxecto, poden contribuír a destrución da capa de ozono pero, previsiblemente, non suporán unha concentración elevada.

Destes impactos na atmosfera, polo tanto, o mais problemático podería ser o do ruído, sobre todo o asociado á execución das voaduras previstas para extraer o material rochoso, fundamentalmente polas posibles afeccións á avifauna, xa que nos atopamos dentro dun espazo de especial protección para as aves como é a ZEPA mariña.

Non obstante, no condicionado desta DIA ademais das medidas preventivas para atenuar o efecto do ruído da maquinaria, no que se refire ao cumprimento das especificacións da normativa, en cuanto a niveles de potencia acústicas, establécese tamén unha franxa temporal de execución do proxecto para evitar afeccións ás colonias reprodutoras das aves desa ZEPA incluídas no CEEA. Ademais, o promotor no estudo de afeccións sobre o cormorán moñudo presentado, tiña previsto realizar un control do ruído na época de reprodución desas especies, no caso de que as obras se desenvolveran lóxicamente durante esa época.

No programa de seguimento e vixilancia se establecen tamén puntos de control de ruído nas inmediacións do porto e na praia de Laxe próximas á área de dragado.

Ademais, tanto os impactos do ruído como das emisión de gases e partículas contaminantes restrinxiranse á fase de obras, cesando na fase de explotación, polo que tendo en conta a temporalidade das actuacións, ademais das medidas que prevé adoptar o promotor no EsIA (seguimento, control e vixilancia, revisións periódicas da maquinaria, etcétera) fan que non sexan significativos. Por todo o anterior, estes impactos previsiblemente non serán de gran importancia.

No que se refire á calidade das augas, verase afectada principalmente polo incremento de turbidez na zona do dragado e na de vertedura, pola incorporación de posibles contaminantes do sedimento á columna de auga e por posibles derramos accidentais de hidrocarburos e aceites e outros compoñentes contaminantes da maquinaria, así como das embarcacións empregadas no proxecto

Non obstante, tendo en conta as medidas de protección da calidade das augas propostas polo promotor (barreiras anticontaminación, control da calidade en continuo, tanto na zona de dragado como na de vertedura, con paralización incluso das actuacións se se superan determinados parámetros), reducirán previsiblemente ao mínimo estes impactos.

Ademais, no condicionado da DIA inclúense medidas como a planificación das operacións de dragado e vertedura para que se realicen nas mellores condicións meteorolóxicas, evitando os temporais, fortes ventos e tamén coordinando as operacións cos tipos de mareas, así como o emprego de técnicas de dragado e vertedura que minimicen a dispersión dos finos no medio.

Por outra banda, segundo o estudo de dispersión realizado na zona de vertedura para coñecer a pluma de turbidez e a concentración de sólidos en suspensión, ás dúas horas dunha vertedura de 5.000 m^3, tan só se manteñen en suspensión un 3% de partículas finas, que se seguirá dispersando polo efecto das correntes, evitando así concentracións elevadas na columna de auga.

Ademais as medias preventivas a adoptar na zona de vertedura como a sinalización de zona, gravación das coordenadas e profundidade onde se abra e peche a comporta da vertedura, etcétera minimizarán as afeccións.

No que se refire á incorporación dos contaminantes do sedimento á columna de auga, sempre que o material dragado sexa de Categoría A segundo as DCMD, non habería que esperar que se deran afeccións significativas á calidade das augas nin que existan perigos para a flora e fauna desta zona.

No que se refire á dinámica litoral, a obra de dragado da dársena portuaria mellorará as condicións de hidrodinámica que lle afectan, ao menos no referente ao efecto das ondas longas que chegan a ocasionar amplitudes de onda superiores aos 2,5 m no interior do recinto. O dragado non vai modificar as condicións do ondaxe que chega ata a praia, principal forzador do movemento lonxitudinal da area, nin previsiblemente de axitación dentro do propio porto, por iso non son de esperar modificacións sensibles no comportamento da basculación de sedimentos existentes.

En todo caso se establecen medidas de seguimento coa realización de perfís batimétricos, tanto na zona de dragado como na de vertedura e na praia co obxecto de descartar afeccións tamén a esta ultima xa que se trata dunha zona na que se inclúe a ZEC ES1110005 "Costa da Morte".

No referente aos recursos pesqueiro-marisqueiros que poderían verse afectados polo dragado da dársena portuaria, hai que destacar que os bancos marisqueiros máis próximos se atopan a 64 m, segundo o EsIA, e se trata de bancos de longueirón, navalla e poliquetos que poderían verse afectados indirectamente polo incremento de turbidez, pero que en todo caso sería un efecto reversible xa que a propia dinámica litoral existente neste tramo de costa, xunto coas medidas previstas polo promotor no EsIA (control da calidade da auga, cortinas antiturbidez, calendario de obras consensuado co sector pesqueiro-marisqueiro sobre todo no referente aos bancos de longueirón e navalla presentes fronte ao porto) facilitarían unha recuperación rápida.

No que se refire ás posibles afeccións aos recursos marisqueiros e pesqueiros na zona proposta de vertedura do material dragado en augas exteriores, de acordo coa información e estudos que forman parte do expediente ambiental, así como polo indicado polos organismos con competencias na materia e incluso as propias confrarías, non se espera que sexan destacables, xa que a actividade pesqueira de baixura nesa zona é moi escasa, xa que está concentrada noutras zonas próximas, e os bancos marisqueiros máis próximos tamén se localizan a máis de 5 km.

As instalacións de acuicultura tamén se atopan a unha distancia considerable pero aínda con todo, o promotor levará a cabo un seguimento e control da calidade de auga, ademais de medidas protectoras como o emprego de barreiras de contención, a propia metodoloxía de vertedura do material, etcétera.

É importante destacar tamén que de acordo co estudo de dispersión realizado para analizar a posible afección que a dispersión dos sedimentos durante a vertedura puidera ocasionar sobre as diferentes figuras de protección e caladoiros de pesca presentes nese tramo costeiro, segundo os resultados obtidos non se esperan problemas, quedando a totalidade do depósito dentro da área de vertedura delimitada.

Os informes, tanto da Dirección General de Recursos Pesqueros do Ministerio de Agricultura como o da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar), son favorables ao proxecto e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro valora positivamente as medidas e o plan de vixilancia ambiental propostos e, ademais, solicita que os informes que se xeren durante o desenvolvemento dese plan lle sexan remitidos para que o informen e adapten as medidas de xestión marisqueira, se así o estimasen necesario.

Pola súa parte, a Confraría de Laxe indica que, logo de que consultasen a tódolos sectores afectados, non procede realizar ningún tipo de observación ao respecto en relación ao proxecto do dragado de Laxe.

Flora e fauna bentónica e hábitats naturais

No que se refire ás comunidades do substrato sedimentario e rochoso, o dragado dos sedimento e do substrato rochoso supón a extracción da capa biolóxica e con ela a maioría das especies con escasa ou nula capacidade de desprazamento e, na zona de vertedura do material dragado, ocasionará enterramento daquelas poboacións con nula ou escasa mobilidade.

En relación a isto e á necesidade de preservar na medida do posible a parte do substrato rochoso con presencia das algas mariñas *Himanthalia elongata* e *Saccorhiza polyschides* que establece a Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, o promotor aportou un plano da distribución destas dúas algas endémicas das costas atlánticas europeas no porto de Laxe e indica que a alga *Himanthalia elongata* atópase na zona intermareal da marxe NW, sen constituir poboamentos densos e amplios e a alga *Saccorhiza polyschides* ten unha ampla distribución exceptuando a zona Norte, polo que tendo en conta a zona prevista de dragado no interior do recinto portuario, non é posible preservar estas poboacións algales, pero que non obstante, a continuidade do substrato rochoso despois da obra permitirá novamente a colonización destas dúas algas. Posteriormente aclara que, tal e como se reflicte nese plano, unha parte da zona de presenza da alga tampouco será afectada polo dragado, de xeito que a súa colonización na zona a dragar será máis fácil.

En todo caso, a Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar no primeiro dos seus informes manifesta que, sempre que se cumpran os condicionantes que establece, non son previsibles efectos significativos permanentes sobre a fauna ou flora bentónica e, polo tanto, establece a compatibilidade do proxecto co obxectivo A.1.1. da Estratexia Mariña da Demarcación Noratlántica, que se refire ás presións significativas sobre os hábitats bentónicos, con especial atención aos hábitas bioxénicos e/ou protexidos.

Fauna e biodiversidade

No que se refire ás posibles afeccións do proxecto á fauna, hai que indicar novamente que o dragado dos sedimentos e do substrato rochoso supón a extracción da capa biolóxica e con ela a maioría das especies con escasa ou nula capacidade de desprazamento, non obstante, o promotor considera no EsIA que, logo de que finalice o dragado e a vertedura, prevese unha paulatina colonización das especies. Ademais, logo de analizar a riqueza específica, segundo o EsIA, é maior a da zona do dragado que a de vertedura, e nesta última se considera en xeral baixa debido ás profundidades existentes.

E no que se refire á zona do dragado, aínda que o proxecto prevé o dragado dos fondos da dársena, onde se localizan dúas especies endémicas da costas atlánticas europeas, as algas *Himanthalia elongata* e *Saccorhiza polyschides*,tal e se como indica no anterior epígrafe, o promotor deixará unha zona onde se localiza a alga *Saccorhiza polyschides* sen dragar que, unido ao control exhaustivo que terá que levar o promotor para non excederse na zona a dragar, fan que as dúas algas previsiblemente colonicen de novo os fondos da dársena.

É importante destacar tamén, de cara a preservación da biodiversidade do ámbito de actuación, a eliminación da alga *Sargassum muticum,* por tratarse dunha especie exótica invasora, e dos estudos presentados para coñecer con precisión a época na que executar a súa eliminación de cara a asegurar a efectividade dela.

No referente aos grupos faunísticos máis importantes do ámbito deste proxecto, habería que focalizar o grupo da avifauna pola existencia no ámbito deste proxecto dunha ZEPA mariña que constitúe un importante embudo migratorio, e dentro deste grupo, a especie *Phalacrocorax aristotelis* ou cormorán moñudo cristado, polos aspectos postos de manifesto nesta DIA, pero logo das conclusións dos estudos realizados, así como das medidas que se establecen no EsIA e no condicionado desta DIA referentes tanto ao cronograma de obras para evitar o período máis crítico desta especie, así como as medias que se establecen para que as voaduras que previsiblemente sexa necesario executar o afecten ó mínimo posible, farían compatible o proxecto coa preservación da avifauna, e en concreto a especie antes citada.

No referente aos espazos da Rede Natura 2000 e ao seus valores, a maioría dos que xa se ten analizada a súa afección polo proxecto nos puntos anteriores, que poderían verse afectados polo proxecto, ademais das valoracións realizadas polo promotor no EsIA así como na restante documentación ambiental, no expediente ambiental se inclúen os informes favorables dos organismos competentes na súa protección, supeditados a unha serie de cuestións que se inclúen no condicionado desta DIA.

Así, no que se refire aos espazos protexidos competencia autonómica, a Dirección Xeral do Patrimonio Natural indica, como condición para garantir a preservación dos espazos da súa competencia, o informe favorable do organismo competente en biodiversidade mariña e dinámica litoral e, en relación a isto, a Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar establece a compatibilidade do proxecto coas estratexias mariñas e coa preservación da ZEPA sobre a que ten competencia, condicionada a unha serie de cuestións que se inclúen no condicionado desta declaración.

En relación aos posibles efectos paisaxísticos do proxecto, o EsIA contén o preceptivo EIIP no que se analiza o impacto previsto do proxecto sobre os elementos que configuran a paisaxe, en base ao que, o organismo con competencias na materia indica que o impacto sobre a paisaxe non terá relevancia, tan so na fase de obras, que se limita en todo caso ao campo visual do porto e polo tanto non suporá unha afección paisaxística nin na contorna portuaria nin na ría.

Por último, no que se refire aos posibles impactos no patrimonio cultural, non é previsible que existan elementos ou estruturas de interese patrimonial na zona obxecto do dragado xa que xa foi dragada con anterioridade e, aínda que de acordo co informe arqueolóxico se documentaron dous puntos de interese arqueolóxica nas proximidades, non se puideron localizar. Ademais o proxecto do dragado foi informado favorablemente polo organismo competente que estableceu dúas consideracións que se inclúen no condicionado desta declaración.

Ademais de todo o anterior, é importante sinalar que o promotor define no EsIA e na documentación complementaria un seguimento ambiental das medidas ambientais propostas, que se matiza no punto 6 desta DIA e que abarca dende o dragado na dársena portuaria ata a vertedura do material dragado no medio mariño no punto definido anteriormente.

En conclusión, logo de considerar o exposto nos puntos 1, 2, 3, 4, 5 e 6 desta DIA e de acordo co exposto no punto 7da DIA considérase a viabilidade ambiental do proxecto sempre que se cumpran, ademais das medidas que figuran no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado e programa de vixilancia ambiental que se establecen ao longo desta DIA.

4. Ámbito da DIA

Logo de efectuar a análise técnica do expediente, o ámbito desta DIA é a execución dun dragado xeral no porto de Laxe, a cota -5,00 m, incluíndo a retirada da pasarela aérea existente e fondeos, con posterior recolocación de ambos.

Na zona da rampla e cantil localizada nas proximidades do dique de abrigo, realizarase un precorte con perforación cada 0,30 m da liña de peirao, ata acadar a cota -3 m rematando en noiro ata a cota -5 m.

A localización do dragado no porto de Laxe é a que se reflicte no plano n.º 3 "Planta General", do *"Anteproyecto de Dragado en el puerto de Laxe"*, de agosto de 2017.

O volume de material a dragar estímase en 56.465 m^3 que se verterán nun punto do medio mariño que se atopa a 15 km do porto de Laxe, definido polas coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29 (X=486810, Y=4789520), sempre que se verifique que o material é de Categoría A, se non fose así, o promotor deberá buscar unha alternativa de xestión para o material dragado de acordo co indicado no punto 5.5.10 desta DIA.

5. Condicionado ambiental

Logo de realizar a referida análise técnica do expediente, establécense as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as incluídas no EsIA e a restante documentación avaliada.

5.1. Sobre a protección da atmosfera

1. Os niveis de presión sonora debidos á execución deste proxecto cumprirán coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas correctoras oportunas (incremento do illamento dos equipos, pantallas de illamento acústico, etcétera).

Para tal fin, o promotor deberá levar a cabo na fase de dragado, a través de entidade acreditada mediante UNE-EN ISO 17025, un plan de seguimento do nivel de ruído, en cuxa elaboración terá en conta as cuestións indicadas no punto 6.2.1 da DIA.

2. Tendo en conta que o dragado desenvolveranse nun ámbito urbano, a planificación dos métodos de execución terá en conta todas aquelas medidas que minimicen as molestias e afeccións á poboación (ruídos, vibracións, etcétera).

Nese sentido, as obras restrinxiranse, salvo excepcións plenamente xustificadas, a período diúrno e planificaranse para que coincidan, na medida do posible, cos períodos de menor afluencia turística.

3. Na medida do posible e no caso de que finalmente sexa necesario realizar voaduras, procurarase que sexan as mínimas imprescindibles, realizarase un adecuado deseño do sistema de cargas e empregarán explosivos con microrretardos para reducir e controlar a xeración de vibracións e, tal e como indica o propio promotor, procurarán que as operacións de voaduras non coincidan con outros traballos.

En todo caso, deberán dispor do correspondente proxecto de voaduras que terá que ser aprobado polo organismo correspondente previo ao inicio dos traballos.

4. En consonancia co indicado no EsIA, toda a maquinaria asociada á execución deste proxecto cumprirá coa normativa de emisións que lle resulte de aplicación. Ademais, farase un emprego racional da maquinaria pesada e, durante a execución do proxecto, procederase ao apagado dos motores durante os períodos de inactividade.

5. Un dos criterios de preferencia na selección da maquinaria a empregar no proxecto debería ser o emprego de equipos coas emisións sonoras máis baixas, por exemplo maquinaria de carácter insonorizado (compresores, martelos pneumáticos e hidráulicos, etcétera). En todo caso levarase a cabo un adecuado mantemento desta maquinaria para evitar as folguras, fricción, desaxustes mecánicos, etcétera, do seu uso e desgaste e que incrementan o nivel de ruído.

5.2. Sobre a protección do espazo terrestre e marítimo

1. Non se afectará a zonas litorais con ocupación nin temporal nin definitiva, salvo as especificadas no proxecto e que conten con autorización expresa para ilo.

2. Previo ao inicio da execución do proxecto, procederase ao balizamento da zona de actuación marítima para asegurar que a actuación se realiza permanentemente na zona proposta, co obxecto de evitar impactos sobre outras localizacións ou comunidades naturais. Esta medida é de suma importancia de cara a preservar a zona do substrato rochoso de presenza da alga *Saccorhiza polyschides* onde o promotor non prevé dragar, así como para garantir o confinamento das zonas onde se estean executando os traballos que poidan supoñer riscos ambientais no ámbito

mariño e aos seus valores.

3. Previamente á execución do dragado, levarase a cabo o control preciso do posicionamento da draga mediante o emprego de GPS diferencial, ou outro sistema, que asegure que se estea dragando dentro dos límites da zona prevista en cada instante da operación de dragado. Así mesmo, garantirase tamén que a descarga do material dragado se realiza dentro da zona autorizada e cos medios e sistemas proxectados e conforme os prazos e fechas establecidos. Para iso, incluiranse no proxecto definitivo, as localizacións exactas mediante as coordenadas UTM, profundidade, volume máximo de dragado e vertedura.

4. Para a localización das instalacións auxiliares á obra (parque de maquinaria, zona de almacenamento de materiais, etcétera) seleccionarase un emprazamento de baixo valor ambiental, preferentemente nas propias instalacións portuarias e o máis afastado posible do medio mariño, ao que se dotará dos equipamentos necesarios para asegurar un funcionamento ambientalmente seguro destas instalacións. Ademais, terán unha disposición ordenada e ocuparán o menor espazo posible, para evitar unha dispersión dos elementos discordantes e minimizar así o impacto visual.

5. Tomaranse as medidas de seguridade necesarias (como instalar cubetos de seguridade) para evitar, se é o caso, derramos accidentais dos tanques de almacenamento de produtos como aceites graxas e carburantes de motores ou outros lixiviados procedentes do amoreamento de materiais e que poderían acabar no medio mariño.

6. As labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria durante a fase de obras realizarase en talleres autorizados. Cando isto non fose posible, estas tarefas realizaranse nunha zona delimitada e dedicada a tal fin, dispoñendo os medios necesarios para a recollida das posibles verteduras, preferentemente na zona de instalacións auxiliares á obra antes indicada.

7. Durante a execución do proxecto, coidarase o entorno, cunha adecuada e ordenada situación, se é o caso, dos amoreamentos, parque de maquinaria e vehículos e coa limpeza diaria das zonas ocupadas de traballo.

8. As embarcacións utilizadas na execución do proxecto, se é o caso, amarraranse nun lugar habilitado para ilo e que xeren a mínima molestia tanto a nivel paisaxístico como a nivel de tránsito de embarcacións.

9. Tomaranse tamén todas as precaucións necesarias para interferir o menos posible ao tráfico marítimo.

10. Logo de rematar a execución do proxecto, retiraranse os materiais sobrantes e instalacións auxiliares e procederase á limpeza total das superficies afectadas, especialmente as zonas ocupadas por instalacións temporais.

5.3. Sobre a protección de infraestruturas ou instalacións preexistentes

1. Se con motivo da execución do proxecto ou calquera actividade relacionada con este (tránsito de maquinaria, transporte de material, etcétera) se producise o deterioro de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura ou instalación preexistente, deberá restituírse a súa calidade ós niveis previos ao inicio da execución.

2. O tráfico dos vehículos pesados con motivo das obras, se fora o caso, deberá ter en conta a densidade de circulación das vías de acceso ao porto e á zona de obras, para minimizar as molestias. Se durante a execución do proxecto se afectasen accesos, servizo ou servidumes, estableceranse solucións provisionais e/ou desvíos alternativos.

5.4. Sobre a xestión de residuos

1. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da execución deste proxecto deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe ou reutilización fronte á vertedura.

2. Se fose necesario o almacenamento temporal de residuos adoptaranse as medidas oportunas para que se almacenen en condicións axeitadas ata a súa entrega ao xestor autorizado, garantindo que non se produzan afeccións ao medio. O almacenamento realizarase preferentemente no parque de maquinaria habilitado, sinalizando claramente a presenza dos residuos e cumprindo en todo momento as normas de almacenamento establecidas na lexislación vixente.

3. Como é probable que na dársena portuaria existan diversos materiais de orixe antrópico (nasas rotas, pneumáticos, envases de plástico, ...) que, para que non repercutan nas operacións de dragado, terán que retirarse previamente ao inicio da execución do proxecto, disporanse dos colectores en número e características axeitadas para a súa retirada e posterior xestión en terra, de acordo coa lexislación que lle resulte de aplicación.

Para iso, procurarase tamén que a maquinaria empregada para a retirada do material dragado estea dotada dos dispositivos que permitan a separación deses residuos antrópicos.

Ademais, durante a execución do proxecto efectuaranse as inspeccións visuais necesarias para evitar que ese material de orixe antrópico volva a ser vertido ao mar.

4. Ao rematar a execución do proxecto deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos xerados durante a execución das obras.

5.5. Sobre a protección das augas

1. De acordo co indicado por Augas de Galicia en relación a calquera intervención que se queira realizar nunha masa de auga, é o órgano promotor o responsable de realizar os estudos e análises particulares da súa incidencia sobre o cumprimento dos obxectivos medioambientais, incluíndo o non deterioro, debendo realizar os estudos establecidos na lexislación aplicable.

Xa que, segundo Augas de Galicia, a actuación vai supoñer unha nova presión sobre a masa de auga (morfolóxica principalmente) no caso de que a actuación supoña algunha alteración que impida o logro dos obxectivos medioambientais, será necesario que Portos de Galicia realice tamén os estudos xustificativos establecidos na lexislación vixente. Estes aspectos serán valorados polo órgano con competencias para autorizar a actuación.

2. De cara á actualización do Plan Hidrolóxico nos termos indicados por Augas de Galicia no seu informe, Portos de Galicia comunicará, ben en fase de proxecto ou cando xa estea executado, os elementos e información necesarios indicados por ese organismo de bacía no seu informe en relación ao Inventario de Presións do PHGC, Programa de Medidas, así como valoración da posible incidencia da actuación no logro dos obxectivos medioambientais e as xustificacións necesarias en caso de aplicar as exencións previstas na propia Directiva Marco do Auga.

3. Con carácter xeral, o promotor será extremadamente coidadoso na realización de todos os traballos, especialmente os de dragado e vertedura do material dragado, para que a calidade das augas non se vexa afectada polo proxecto e adoptará todas as medidas preventivas e correctoras que sexan necesarias para ilo.

Para tal fin, o promotor elaborará, de acordo co sinalado no EsIA, un control da calidade das augas tanto na zona de dragado como na de vertedura. Para a súa elaboración terá en conta o establecido nas DCMD vixentes na actualidade e o incluirá no programa de vixilancia e seguimento ambiental deste proxecto.

4. O promotor, non poderá depositar os residuos ou produtos en zonas onde exista perigo de que cheguen ao mar coa conseguinte contaminación, nin verter ao mar restos de formigón ou cemento, lavar materiais ou ferramentas que estiveran en contacto con eles, verter augas residuais procedentes de embarcacións, así como as xeradas nas instalacións portuarias, debendo ser tratadas previamente ó seu vertido ao medio e, en todo caso contar coa/s preceptiva/s autorización/s ao respecto.

5. De acordo co indicado pola Dirección General de la Sostenibilidad de la Costa y del Mar, é imprescindible que a execución do proxecto siga as "Directrices para a caracterización do material dragado e a súa recolocación en augas do dominio público marítimo terrestre (DCMD)" vixentes na actualidade, para minimizar os efectos previsibles do dragado e da vertedura do material dragado no medio mariño, tanto a nivel físico como biótico, incluíndo os efectos derivados do nivel de contaminación que poidan presentar os materiais.

6. Nese sentido, o promotor procurará empregar aquelas técnicas que minimicen ao máximo a dispersión dos sedimentos finos no medio.

Para iso, deberá seleccionar equipos de dragado dotados de tecnoloxía antiturbidez, axustar os rumbos da draga, procurar que ao final do enchido da cántara (que é momento que se dan as máximas perdas por lavado) se atope o máis afastada posible das zonas a protexer, así como no caso de que empreguen barcazas de transporte do material dragado, que estas non abran as comportas ata a súa chegada ao punto de vertedura para evitar a dispersión do material.

É preciso establecer un único espazo marítimo (sempre que sexa posible convenientemente afastado de bancos marisqueiros, polígonos de bateas e zonas de baño que poidan existir na área de influencia do proxecto) para as rutas de entrada e saída das embarcacións e dragas utilizadas nas actuacións. Ademais, nas operacións que leven consigo un aumento de turbidez nas augas, as saídas da zona por parte das embarcacións deberán facerse cando dita turbidez diminúa o suficiente.

7. Seleccionarase o tipo de barreira ou barreiras de contención antiturbidez a empregar para minimizar a dispersión da fracción fina orixinada durante os traballos asociados á fase de obras e, concretarase a súa disposición, de xeito que a súa eficacia quede garantida. Tal e como indica o promotor, moverana segundo avancen os traballos.

8. Ademais, o promotor, de acordo co indicado no EsIA, procederá á ralentización ou incluso á paralización, dos dragados cando se produzan ventos de intensidade alta sostida, avenidas importantes por fortes precipitacións ou outros factores que poidan favorecer unha maior e máis duradeira liberación de contaminantes á columna de auga. Do mesmo xeito procederá (reducindo a actividade da draga e da vertedura e incluso paralizando as obras) cando detecte, a través do control da calidade das augas previsto no programa de seguimento e vixilancia ambiental, a superación do 25% do valor normal de sólidos en suspensión e, se seguen aumentando, ata acadar o 30%) tal e como indicou no EsIA e na documentación ambiental aportada ao longo da tramitación.

De igual modo, suspenderanse temporalmente as actuacións de vertedura ao mar en situacións meteorolóxicas que poidan supor perdas do material dragado durante a ruta de navegación ata a a zona de vertedura, ou que non permitan asegurar a deposición do material dragado na zona autorizada, ou que a turbidez xerada poida acadar zonas sensibles ou de especial protección, mais alá do previsto.

9. Contarase cun plan de emerxencia ambiental que se desenvolverá no caso de producirse verteduras accidentais e no que se estableza a localización exacta do material e medios que utilizarían na contención de ditas verteduras. Ademais, de acordo co indicado no EsIA, cumpriranse as medidas de seguridade e emerxencia establecidas no porto de Laxe para reducir calquera afección ambiental.

10. Xa que segundo a documentación aportada a caracterización realizada ao material que se ten previsto dragar podería estar incompleta segundo as DCMD 2015 vixentes e, ademais, as analíticas realizadas probablemente superen no momento que se execute o proxecto a data máxima de validez recollida nas DCMD, deberán realizar a caracterización do material dragado do porto de Laxe co obxecto de verificar que se trata dun material de categoría A e pode verterse no lugar previsto no EsIA, ou presentar un estudo de lugares alternativos de vertedura fóra da ZEPA mariña e de acordo coas DCMD vixentes na actualidade.

Tanto a caracterización segundo as DCMD vixentes na actualidade ou, se é o caso, o estudo de lugares alternativos, deberán recollerse nun informe adicional que remitirán a este órgano ambiental quen, se procede, lle dará traslado á Dirección General de la Sostenibilidad de la Costa y del Mar e á Autoridade Marítima para que o informen e/ou autoricen en base as súas competencias, incluídas as de asegurar a compatibilidade coas estratexias mariñas da demarcación noratlántica.

11. Co obxecto de verificar que os impactos están dentro dos previstos sobre as condicións da batimetría e hidrodinamia na zona de dragado e de vertedura, así como na praia adxacente, o promotor incluirá no programa de vixilancia e seguimento ambiental, tal e como xa tiña previsto no EsIA, un plan dos posibles efectos do dragado sobre a dársena portuaria, a zona de vertedura e a praia de Laxe mediante a realización, como mínimo, dos controis batimétricos previstos no EsIA.

12. O promotor, logo de finalizadas as operación de vertedura do material dragado, remitirá a Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, de cara á remisión da información relativa aos Convenios de Protección do Medio Mariño (neste caso Londres e Ospar) sobre os aspectos recollidos no artigo 43 das vixentes DCMD. Para iso, seguirá o formulario normalizado que se distribúe anualmente aos promotores de obras de dragado en colaboración coa Autoridade Marítima.

5.6. Sobre a protección dos recursos marisqueiros e pesqueiros

1. Xa que de acordo co reflectido no EsIA, fronte á dársena portuaria existen bancos marisqueiros nos que se explotan recursos como longueirón e navalla, ademais dun banco na praia de Laxe de poliquetos e que tamén se explotan outros recursos como percebe nas denominada zonas A e B (segundo o EsIA), procurarase que a execución das obras previstas perturbe minimamente a actividade pesqueira e marisqueira que puidera verse afectada.

2. Nese sentido, ademais de todas as medidas establecidas no punto anterior, todas as accións previstas, especialmente as que leven un maior risco de afección ás augas e aos recursos pesqueiros e marisqueiros na zona de influencia do proxecto, realizaranse coas medidas protectoras e correctoras necesarias para reducir ao máximo os impactos ambientais no medio mariño e corrixir os efectos negativos que se poidan xerar.

3. Na medida do posible, programaranse as actuacións de dragado e vertedura do material dragado tendo en conta as condicións meteorolóxicas (realizando estas operacións nos días que o mar estea en calma), as variacións temporais periódicas (de mareas ou estacionais) e evitando na medida do posible, en relación aos recursos marisqueiros e pesqueiros, que estas non coincidan cos períodos de reprodución, fixación de moluscos, emerxencia de xuvenís e recolección de especies.

4. Comunicarase con suficiente antelación á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e á Confraría de Pescadores de Laxe e restantes confrarías afectadas, a data prevista de inicio das obras, co obxecto de que se o estiman conveniente, poidan realizar a extracción dos recursos existentes que poderían verse afectados pola execución do proxecto.

5. De acordo co indicado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, os informes que se xeren durante o desenvolvemento do plan de vixilancia ambiental, remitiranse tamén a esa dirección xeral para información e adaptación das medidas de xestión marisqueira, se se estima necesario.

5.7. Sobre a protección dos espazos protexidos e os seus valores naturais

1. Nas zonas de actuación do proxecto atópase a zona de especial protección para as aves (ZEPA) "Espazo mariño da Costa da Morte" ES0000497, pertencente á Rede Natura 2000, polo que a Dirección Xeral de Sostenibilidad de la Costa y del Mar informou o EsIA e o proxecto e considerou que, baixo o cumprimento das condicións expostas nos seus informes, o proxecto é compatible cos obxectivos da Estratexia Mariña da Demarcación mariña noratlántica, polo que, o promotor deberá garantir o cumprimento estrito desa condicións.

O promotor deberá ter en conta que, calquera modificación substancial do proxecto podería implicar, de acordo co indicado pola Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, a necesidade dun novo informe de compatibilidade cos obxectivos da estratexia mariña arriba indicada.

2. De acordo co informado pola Dirección Xeral do Patrimonio Natural, garantirán tamén que non se producen repercusións significativas sobre a integridade da ZEC "Costa da Morte" ES1110005 que se atopa nas proximidades da zona do dragado, cumprindo para ilo, o establecido nesta DIA, así como o establecido pola Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar e o que, no seu caso, estableza a Autoridade Marítima na súa autorización de vertedura do material dragado.

O promotor deberá ter en conta tamén que calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural requirirá o informe correspondente da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

3. Porase en coñecemento de todo o persoal de obra as medidas de carácter ambiental que deberán adoptarse ou respectar para evitar impacto e danos derivados da execución do proxecto. O obxectivo é sensibilizar ao persoal da presenza dos espazos protexidos na zona de actuación, así como todos os valores naturais presentes e sobre os que deberán extremar as precaucións para evitar ao máximo posibles afeccións.

En ningún caso se deteriorarán, por mor do proxecto, os hábitats de interese comunitario que poidan estar presentes na zona de influencia deste proxecto.

4. Deseñarán un cronograma de obras que teña en conta todos os condicionantes temporais deste proxecto e, especialmente, aqueles referentes á protección dos valores naturais da ZEPA "Espazo mariño da Costa da Morte" presente no ámbito deste proxecto. Nese sentido, deberán reducir ao mínimo posible as voaduras e/ou elementos causantes de ruído impulsivo e restrinxir as operacións de dragado, que xeren ruído submarino superior ao do dragado convencional de material sedimentario, aos meses de entre xullo a setembro, para reducir ao mínimo posible as afeccións ás colonias reprodutoras do cormorán moñudo e demais aves, incluídas as migratorias, presentes na ZEPA, moi especialmente as catalogadas no Catálogo Estatal de Especies Ameazadas (CEEA), como son, ademais do cormorán moñudo, o paíño europeo, arao común e gaivota tridáctila.

No que se refire á vertedura ao mar do material dragado, tanto sedimentario como rochoso, realizarana antes do mes de outubro.

O proxecto de voaduras xunto co cronograma de obras, coas súas diferentes fases, remitirase á Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, para a súa consideración previo ao inicio das obras de dragado.

Ademais, preservarán, na medida do posible, parte do substrato rochoso no ámbito da zona a dragar con presenza das algas mariñas *Hymanthalia elongata* e *Saccorhiza polyschides* que se atopan en regresión na demarcación noratlántica, ou cando menos, a parte con presenza da especie *Saccorhiza polyschides* no ámbito portuario sinalada no Plano de localización desas especies que figura no anexo II do informe de alegacións aportado polo promotor e que, segundo indica, non dragarán.

5. De acordo co programa de seguimento e vixilancia ambiental proposto no *"Estudio de afecciones sobre poblaciones de cormorán moñudo por las obras de dragado del puerto de Laxe"*, de abril de 2018, deberán levar a cabo o control do ruído alí proposto, modificándoo, no que se xa máis restritivo, segundo o plan exposto no punto 6.2.1. desta DIA, durante a época de reprodución das aves catalogadas no Catálogo Estatal de Especies Ameazadas (CEEA), como son o cormorán moñudo, paíño europeo, arao común e gaivota tridáctila, no caso de que a execución do dragado e vertedura realizarase nesa época (entre os meses de xaneiro a xuño) e para o que, en todo caso, terían que dispor do informe favorable ao respecto da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar e comunicalo previamente a este órgano ambiental.

6. Ademais, cando finalice a obra, informarán á Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar sobre a data de inicio e finalización das voaduras e traballo con martelo hidráulico percutor, indicando o número de días efectivos de traballo, coordenadas xeográficas da área onde se produciran voaduras e traballos e o nivel de fonte de ruído impulsivo en m_{TNTeq} (kg). Na medida do posible tamén lle proporcionarán os seguintes datos adicionais: dominio de espectro de frecuencias de emisión de ruído impulsivo (Hz), ciclo de traballo (nº impulsos /seg), duración da transmisión (un impulso) en seg., directividade, profundidade da fonte do ruído, en m.

7. Adoptaranse, con carácter xeral, as medidas preventivas que fosen necesarias para minimizar o risco de introdución de especies invasoras como consecuencia da execución do proxecto. De xeito específico e de acordo co indicado pola Dirección General de la Sostenibilidad de la Costa y del Mar, para garantir a ausencia de risco de propagación da especie invasora *Sargassum muticum,* incluída no Catálogo de Especies Exóticas Invasoras (RD 630/2013) e presente no ámbito da actuación, con carácter previo ás operacións de dragado e vertedura ao mar do material dragado levarán a cabo as campañas dos cortes previos de acordo co establecido nese informe segundo o recomendado pola Universidade de A Coruña (unha primeira entre novembro e febreiro e unha segunda previsiblemente ao final da primavera) cuestión que se poderá valorar estudando os exemplares procedentes doutras zonas do litoral próximo á zona de dragado.

5.8. Sobre a protección do patrimonio cultural

1. A aparición de calquera resto arqueolóxico durante a fase de obra poñerase de inmediato en coñecemento da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

2. Calquera modificación do proxecto de dragado do porto de Laxe deberá ser comunicada, á maior brevidade posible, á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

5. 9. Sobre a integración e protección paisaxística

Non se establecen medidas ao respecto xa que, segundo o organismo competente na materia, o dragado non terá relevancia sobre a paisaxe, nin suporá unha afección paisaxística na contorna portuaria nin na ría.

5.10. Outras condicións

1. A avaliación practicada non exime da obtención de ningún permiso, trámite ou autorización, que pola natureza do proxecto ou do medio no que se desenvolve fora necesario obter.

2. O promotor incluirá no presuposto do proxecto que se autorice as partidas necesarias para facer fronte ao custo das medidas preventivas e correctoras, as condicións establecidas nesta declaración e ao custo do desenvolvemento do programa de vixilancia ambiental, incluídos os cambios introducidos, se é o caso, pola documentación aportada posteriormente.

3. De acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental, o promotor e órgano substantivo deberá comunicar a este órgano ambiental a data de inicio de execución do proxecto, xunto coa identidade da persoa responsable do seguimento ambiental, que se indica no punto 6.1.

6. Programa de vixilancia ambiental

6.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras que figuran na documentación avaliada e no condicionado desta DIA, así como a lexislación vixente de aplicación e incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. O programa debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións que non se teñan previsto, e levar a cabo novas medidas acordes coas novas problemáticas xurdidas.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberánselle incorporar os controis e estudos necesarios para adaptalo aos condicionantes que se derivan desta DIA. Ademais, o promotor terá en conta, para a súa elaboración, o establecido nas DCMD vixentes na actualidade.

Na redacción do programa fixaranse segundo a fase (replanteo, obras, explotación) a periodicidade, indicadores e limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os fins indicados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- As tomas de mostras, medicións e/ou analíticas deberán ser realizadas por un organismo de control autorizado ou entidade acreditada ou autorizada, e os resultados terán que vir asinados por persoal técnico competente da entidade. Deberán ser representativas, e polo tanto levaranse a cabo durante os labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de control.

- No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable ou nesta declaración, Portos de Galicia proporá as medidas correctoras precisas para corrixilos. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, Portos de Galicia poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

- Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta DIA, o promotor, que neste caso é o órgano substantivo tamén, deberá designar unha persoa responsable do seu control, comunicando o nomeamento ao o órgano ambiental.

6.2. Aspectos específicos

1. En relación co plan de seguimento do nivel de ruído indicado no punto 5.1.1 desta DIA, terase en conta o seguinte:

- Considerararanse, como mínimo, os 10 puntos de control descritos no *"Estudo de afecciones sobre poblaciones de cormorán moñudo por las obras de dragado del puerto de Laxe"*, de abril de 2018 (R-1 a R-10) que deberán ser representativos de toda a zona, incluíndo, se é o caso, outras vivendas, usos residenciais e/o recreativos existentes no entorno próximo do porto que se poderían ver afectados. A localización de cada punto deberá definirse coas súas coordenadas UTM (ETRS89) e todos eles reflectiranse nun plano a escala mínima 1:10.000.

  A estes puntos engadiranse os que durante o seguimento ambiental en fase de obras manifestaran especial sensibilidade ou xurdisen no proceso.

- Deberase efectuar unha campaña preoperacional con medicións en todos os puntos indicados, co obxecto de dispoñer de datos previos do ruído de fondo. Os seus resultados incorporararanse aos distintos informes de seguimento ambiental (tanto os de obra como, se é o caso, os de funcionamento), comparándoos cos datos que se obteñan en cada período de seguimento.

- Os informes de resultados terán que estar asinados polo persoal técnico competente que realice as medicións.

- En canto á periodicidade dos controis durante a fase de obras efectuarase, segundo a actividade que se realice, tal e como se indica nese estudo de afeccións, de xeito que:

  - durante o dragado por métodos convencionais, realizarase unha campaña (4 medicións en total) durante o mes que se prevé que duren esas operacións e se se prolongase, unha medición mensual durante os meses que se prolonguen as operacións, sempre que os resultados obtidos durante a primeira campaña non superen os niveis legais e as estimacións recollidas no estudo de afeccións; en caso contrario seguirase co control ademais de adoptar as medidas correctoras oportunas.

  - durante o dragado en rocha con emprego de voaduras, realizarase unha campaña (4 medicións en total) en cada mes de actividade e que recolla como mínimo tres operacións de voadura. Se se executasen voaduras de maior entidade que se desenvolvan nas zonas mais exteriores da área de dragado, levaranse a cabo tamén medicións adicionais, no caso de que non se recollera este suposto nas medicións anteriores.

  - Durante o precorte da liña de peirao, realizarase unha campaña (4 medicións en total) durante o mes que se prevé que dure a operación, e se se prolongase, unha medición mensual durante os meses que se prolonguen as operacións, sempre que os resultados obtidos durante a primeira campaña non superasen os niveis legais e as estimacións recollidas no estudo de afeccións, en caso contrario seguirase co control ademais de adoptar as medidas correctoras oportunas.

  - Ao longo do proceso de control valorarase, en función dos datos obtidos e da época do ano no que se desenvolvan os traballos en relación ao ciclo biolóxico da especie obxectivo (*Phalacrocorax aristotelis*) e do das aves incluídas no CEEA indicadas nesta DIA, a frecuencia e desenvolvemento destes.

- Para todos os casos, a medición realizarase en cada punto dos establecidos no momento no que se estean executando as obras, elixindo un momento coa obra en plena actividade co obxecto de que a medición sexa representativa.

2. En relación co plan de control da calidade das augas que se indica no punto 5.5.3. desta DIA, terase en conta o seguinte:

- Deberán considerar como mínimo os puntos de control da calidade das augas propostos, para a zona de dragado, incluíndo os bancos marisqueiros fronte á praia de Laxe, e a zona de vertedura, na documentación ambiental aportada. A localización de cada punto reflectirase nun plano a escala mínima 1:10.000 e deberán definirse coas súas coordenadas UTM (ETRS89).

  Esas estacións de mostraxe para o control de calidade das augas deberán estenderse e/ou axustarse ás zonas onde estea previsto que poida chegar a pluma de turbidez.

- Deberase efectuar unha campaña preoperacional (ao menos 1 mes antes do inicio das obras) con medicións en todos os puntos indicados, co obxecto de dispoñer de datos da calidade actual das augas previamente á execución das obras. Os seus resultados incorporaranse aos distintos informes de seguimento ambiental (tanto os de obra como os de funcionamento), comparándoos cos datos que se obteñan en cada período de seguimento).

- Os informes de resultados terán que estar asinados polo persoal técnico competente que realice as medicións.

- No que se refire á periodicidade das mostraxes, será en continuo durante a fase de execución do dragado e de vertedura para os parámetros propostos (pH, temperatura, condutividade, salinidade, osíxeno e turbidez) e como mínimo mensual para o resto dos parámetros (que como mínimo serán os seguintes; nitratos, nitritos, amonio, fosfatos, sólidos en suspensión, oxidabilidade, clorofila, metais pesados (As, Cd, Cu, Cr, Hg, Ni, Pb, Zn), HPAs, PCBs, e TBTs). Ademais levarán a cabo unha medición aos quince días de finalizadas as operacións e, a continuación, a periodicidade será semestral durante os dous primeiros anos despois de finalizar as actuacións, sempre que os resultados obtidos non amosen indicios de contaminación.

- De acordo o indicado no EsIA e documentación ambiental aportada, realizaranse tamén os controis, como mínimo mensuais durante as obras e anual durante a explotación, previstos en relación á calidade das augas de baño e calidade das augas para o cultivo de moluscos e outros invertebrados mariños. Deberán ter en conta que as estacións de mostraxe para estes controis deberán ser representativas, e polo tanto que permitan detectar as desviacións que se poderían dar na calidade destas augas para os usos que se pretenden protexer derivadas das actuacións de dragado.

- En consonancia co indicado no punto 5.6.5 desta DIA, previo ao inicio das obras remitirase o programa de control e calidade das augas elaborado de acordo co indicado nos puntos anteriores, así como o control de recursos marisqueiros e bentos que se indica a continuación (no punto 3) á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, para o seu informe.

3. Realizaranse os controis de recursos marisqueiros na zona de dragado e mostraxe de bentos (en ambas zonas de dragado e vertedura) propostos no EsIA, coas periodicidades alí descritas. Realizarase tamén o seguimento dos bancos marisqueiros, que se localizan fronte a praia de Laxe, descrito no EsIA.

4. Realizaranse tamén os perfís batimétricos previstos no programa de vixilancia ambiental do EsIA e indicado no punto 5.5.11 desta DIA, co obxecto de descartar efectos na batimetría e dinámica sedimentaria derivados do dragado sobre a dársena portuaria, a zona de vertedura e a praia de Laxe e, se é ocaso, adoptar as medidas que fosen necesarias.

